

O PERSOAXE DO DÍA

“Esta novela é o meu traballo máis difícil”

FRANCISCO XAVIER FERNANDEZ NAVAL
Escritor

TEXTO • Sonia Torre
FOTOGRAFÍA • Archivo

Francisco Xavier Fernández Naval presenta hoxe a súa última novela, “Unha cita co aire”, que narra a historia dunha amizade en Ourense e A Coruña.

Esta tarde o ourensán afincado en A Coruña presentará o seu último traballo narrativo, “Unha cita co aire”, editado por Galaxia.

¿Qué se atopa nesta novela?

É basicamente a historia dunha amizade entre dous homes, con outros persoaxes masculinos e femininos arredor, que son conscentes de por qué xurde esa amizade e por qué vai adiante. Nun momento dado esa amizade quebra e un dos protagonistas, Gabriel, recibe unha encarga que o leva a averiguar que foi o que lles pasou.

¿Qué supón dentro da súa traxectoria?

Como narrador reafírmome en dous elementos fundamentais nos meus traballos: a literatura sentimental e a memoria, son dous parámetros que sempre teño en conta. De calquera xeito penso que esta novela é a máis difícil das que fixen ata agora, xa que é moi sutil, está afincada nunhas relacións persoais, con elementos ambiguos e territorios non excesivamente claros. Por iso este traballo pode que sexa o que máis me custou facer, antes de ter a versión definitiva, fixen once versións coas súas correccións, foi moi complexo traballar neste territorio.

Transcorre en Ourense e A Coruña, ¿por qué?

É certo que a historia pasa nestes dous lugares, pero non téñ nada de biográfica, aínda que é certo que, por outra banda, todas as novelas teñen algo de biográficas. Son as dúas cidades que máis coñezo, por iso a historia arranca en A Coruña e vai dando saltos ata rematar en Ourense. Ademais eu quería plasmar esa viaxe de Gabriel e quería que fose doméstica. As viaxes de máis transcendencia vital son a maioría das veces estas e non as que nos levan



Francisco Xavier Fernández Naval.

PRESENTACIÓN

• O libro presenta hoxe, as 20.15 do serán, no Centro Cultural de Diputación.

• A presentación correrá a cargo de Carlos Lema, da editorial Galaxia, responsable da publicación, e do escritor ourensán José María Pérez Álvarez.

• Francisco Xavier Fernández Naval, máis coñecido por “Chisco” ten máis de once títulos publicados.

ata a outra parte do mundo.

¿Quedou esquecida a poesía?

Non, sigo escribendo poesía, xa que descubrín que é posible ter máis dun paraíso. Son un narrador que necesita da poesía todos os días, ben sexa como escritor ou como lector, pero para mín é fundamental.

Narrar en galego, ¿é un obstáculo ou unha ventaxa para

publicar?

Eu escribo en galego porque é a miña lingua e é a que me sae do corazón, pero é certo que escribir en galego nestes intreos conleva ter un espazo limitado de difusión. É moi necesario normalizar os cauces de tradución da literatura galega a outros idiomas, que poden ser calquera, non teñen por que pasar obrigatoriamente polo castelán. Penso que establecer esta vía normalizada debe ser tarefa das institucións para que logo a poidan seguir as editoriais, e iso é moi importante para a literatura galega.

¿Cal é a situación da literatura galega?

Creo que a calidade é moi boa, e iso é algo que o pensan tamén escritores de outros paí-

ses, non ten nada que envexar a outros países. En canto a lectores, penso que hai incluso máis que fai uns anos, pero a literatura ten que aprender a convivir cos demais medios de comunicación e buscar o seu propio espazo e o momento apropiado da xente, que o hai.

¿O seu proxecto máis inmediato?

No próximo mes de xaneiro, a editorial ourensana Linteo vai publicar un ensaio que xa teño rematado e que analiza a relación do escritor Julio Cortázar con Galicia. Aínda que non son investigador, estiven tres anos traballando neste tema e creo que o libro ofrece información importante a calquer lector de Cortázar, xa que hai cousas que non aparecen en ningunha biografía. De todos os xeitos eu só dou a pista para que outros investigadores a sigan. Ademais, na próxima primavera probablemente se represente un monólogo teatral que escribín recentemente.